Asunto: INFORME COMPLEMENTARIO AO INFORME EMITIDO POLA DXSAP, O 12 DE MAIO DE 2025, EN RELACIÓN Á PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA.

O 11 de abril de 2025 ten entrada na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio (en diante, DXSAP) escrito remitido pola Área de Recursos Humanos da Axencia de Turismo de Galicia (en diante, a axencia) no que se solicita o informe preceptivo desta dirección xeral en relación cun proxecto de modificación da relación de postos de traballo (en diante, RPT) e do cadro de persoal da devandita axencia.

Dita solicitude vén acompañada da seguinte documentación:

-Memoria xustificativa funcional.
-Memoria económico-financeira.
-RPT completa e parcial.
-Cadro de equivalencias.
-Cadro de amortizacións.
-Cadro de creacións.
-Cadro de modificacións.
-Acta de negociación sindical previa.

O 9 de maio a axencia remite nova documentación que modifica á anterior.

O 12 de maio de 2025 esta dirección xeral emitiu informe favorable á modificación da citada relación de postos de traballo.

O 5 de xuño de 2025 a Área de Recursos Humanos da axencia remite á DXSAP nova memoria funcional coas seguintes rectificacións sobre a memoria inicial en referencia aos seguintes postos de nova creación:

- Xefatura de Sección de Contabilidade Financeira con código PX.A29.10.002.15770.015, indícase que será creado dentro da Área Funcional Económica- Orzamentaria.

- Xefatura de Sección de Obras, con código PX.A29.10.002.15770.051 elimínase a adscipción ás escalas de Arquitectura/Enxeñería e Arquitectura/Enxeñería Técnica as que se facía referencia, quedando aberta exclusivamente ao corpo xeral.

Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: PXRi2js7e8I5 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Técnico de Cociña I, con código PX.A29.10.005.15770.016, e Técnico de Cociña II, con código PX.A29.10.005.15770.017, matízase a referencia ao corpo de adscrición indicando que será adscrición exclusiva ao corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial da Administración Xeral da CA de Galicia, escala técnica de cociña

Á vista do exposto, esta Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio ratifícase no informe emitido o 12 de maio de 2025, en relación a proposta de modificación da relación de postos de traballo da Axencia de Turismo de Galicia, sen perxuizo das consideracións que poida recoller a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal no informe que deberá emitir con carácter previo a súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia.

O director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio

José María Barreiro Díaz

AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

Asinado por: BARREIRO DIAZ, JOSE MARIA
Cargo: Director Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Data e hora: 11/06/2025 15:20:39

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste codigo.
CVE: PXRi2js7e8I5 **Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es